


A túa innovación marca o camiño

Programa de

**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas pemes

COMO XESTIONAR BEN O EQUIPO DE INNOVACIÓN



XUNTA
DE GALICIA

Coñecer e organizar os perfís para ter o mellor resultado

A tecnoloxía e o financiamento son elementos determinantes para a innovación, pero hai un factor aínda máis importante: as persoas. Delas depende identificar oportunidades, concibir ideas novas e desenvólvelas ata transformalas en solucións innovadoras.

As capacidades individuais das persoas que interveñen na actividade innovadora da empresa son moi relevantes, pero para que despreguen todo o seu potencial é fundamental levar a cabo unha adecuada xestión das dinámicas de equipo. Dependendo de como se configure e organice o grupo, os resultados poden ser moi diferentes.

Que perfís precisas?

O modelo de roles deseñado por Raymond M. Belbin pode ser de grande axuda para estruturar e xestionar equipos innovadores de alta capacidade. Nel defínense por grupos os perfís das persoas necesarias para acadar o mellor resultado, considerando tanto os seus pros como os contras:

Grupo de persoas que tenden á **RELACIÓN**




ROL INVESTIGADOR DE RECURSOS:

- ✓ Carácter inquisitivo e entusiasta, capaz de detectar ideas e oportunidades.
- ✗ Pode perder interese logo da fase inicial de entusiasmo.



ROL COHESIONADOR:

- ✓ Sabe escoitar e cooperar e exerce a diplomacia.
- ✗ Tende a evitar a confrontación e a toma de decisións sen consenso claro.



ROL COORDINADOR:

- ✓ Capaz de poñer en claro os obxectivos e de identificar o talento.
- ✗ Pode ser percibido como alguén que manipula e que trata de delegar en exceso.

Grupo de persoas que tenden á **REFLEXIÓN**



ROL CREADOR:

- ✓ Persoa creativa e resolutiva.
- ✗ Non sempre é quen de prestar atención aos detalles.



ROL ESPECIALISTA:

- ✓ Posúe un coñecemento moi especializado e valioso para o equipo.
- ✗ As súas achegas poden limitarse a un campo en exclusiva.



ROL AVALIADOR:

- ✓ Persoa de carácter analítico, baseado na lóxica, e imparcial.
- ✗ As súas críticas poden ser excesivas e lastrar a toma de decisións.

Grupo de persoas que tenden á **ACCIÓN**




ROL IMPULSOR:

- ✓ Proporciona impulso aos demais animándoos para superar obstáculos e chegar á meta.
- ✗ Pode presentar un comportamento áspero.



ROL IMPLEMENTADOR:

- ✓ Persoa práctica e planificadora, capaz de converter os impulsos en tarefas organizadas e executalas fielmente.
- ✗ Tende a ser inflexible e a encaixar con dificultade as modificacións.



ROL FINALIZADOR:

- ✓ Entra en acción na fase final para pulir o traballo e identificar e corrixir os posibles erros.
- ✗ Pode resultar perfeccionista en exceso.

Como se organiza?

Para que o equipo de innovación funcione ben, é necesario considerar catro dimensións:




Comunicación

Cada persoa do equipo debe ter claro que se espera del ou dela en termos de visión, obxectivos e estratexia.



Participación

As canles de participación teñen que funcionar de maneira que cada profesional poida facer a súa achega en función do seu perfil.



Recursos

É necesario que o equipo dispoña de tempo específico e suficiente para o proceso innovador e que este estea ben definido.



Cultura

A peme debe instaurar unha cultura favorable á innovación, que estimule a creatividade e premie as propostas novidosas.

ELAS, EMPRESAS GRANDES E PEQUEÑAS, XA O PUXERON EN PRÁCTICA



3M

As persoas que traballan en 3M teñen dereito a dedicar ata o 15 % do seu tempo a levar a cabo proxectos de innovación propios. Os que resultan de interese para a empresa reciben apoio adicional para desenvolverse e chegar ao mercado, como foi o caso do *post-it*.



CALVO

A través de programas formativos, procesos de participación e sistemas de recompensa e recoñecemento, as persoas que traballan na conserveira galega son concibidas como o motor de cambio para mellorar dende o punto de vista operativo e medioambiental e acadar a excelencia nos procesos produtivos.



SAMACA

A empresa ourensá da industria da extracción e distribución de lousa e pedra ornamental conta con 400 profesionais cualificados sobre os cales xiran sistemas de avaliación, planificación, formación e seguimento para favorecer a mellora e a innovación como verdadeiros motores da empresa.

ON SEGURIDAD

Este grupo lucense que integra a 44 pemes naceu a partir da innovación organizativa para facer fronte á competencia de grandes empresas de seguridade *low cost*. A constitución dunha estrutura compartida permítelles aumentar a súa capacidade operativa e innovadora.

CAMPOMAYOR

A granxa de Palas de Rei, especializada na produción de ovos e dirixida pola terceira xeración familiar, pon en valor todos os perfís que se integran na organización para contar cunha visión completa dos retos e oportunidades de innovar.



Accede a todos os cadernos para saber máis sobre innovación.



Coñece as historias de éxito de innovación protagonizadas por pemes galegas.

Contacta con nós para poñer en marcha a túa innovación.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Axencia Galega de Innovación

981 957 008

servizos.gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

<http://gain.xunta.gal>



**XUNTA
DE GALICIA**